

--

## MODELO DE DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI)

(Axustado ao contido mínimo que figura no anexo I da Orde HFP/55/2003, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia)

### Expediente:

(Completar segundo o procedemento de que se trate)

<b>a) Contratación pública</b>	Referencia, tipoloxía e obxecto do contrato
<b>b) Subvencións e axudas públicas</b>	Referencia á convocatoria e obxecto
<b>c) Outros procedementos</b>	Denominación/obxecto do procedemento

Coa finalidade de garantir a imparcialidade no procedemento indicado, a persoa ou persoas que asinan a presente declaración, na súa condición de participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente,

### DECLARA/N:

**Primeiro.** Que está/n informada/s do seguinte:

1. Que no artigo 61.3 “Conflito de intereses”, do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establécese que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.

2. Que o artigo 64 “Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses”, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como “calquera situación en que o persoal ao servizo do órgano de contratación que, ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no seu resultado, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que poida parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.”

3. Que o apartado 3 da Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, do Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que “A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses resulta de aplicación aos empregados públicos e resto do persoal ao servizo de entidades decisorias, executorias e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adjudicación de contratos ou de concesión de subvencións”.



**Financiado pola  
Unión Europea**  
NextGenerationEU



**Plan de Recuperación,  
Transformación e Resiliencia**



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

- “A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes e cada procedemento”.
- “Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, do 12 de febreiro, que xa figuren nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores”.

**Segundo.** Que, no momento da sinatura desta declaración e consonte a información que consta no seu poder, non ten/teñen incorrido en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

**Terceiro.** Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación algunha, calquera situación de conflito de interese que puidera coñecerse e /ou producirse en calquera momento do procedemento en curso.

**Cuarto.** Que coñece/n que, no suposto dunha declaración de ausencia de conflitos de intereses que se demostre ser falsa, levará consigo as consecuencias disciplinarias, administrativas e xudiciais que se establezan na normativa de aplicación.

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

Lugar e data  
Nome completo  
Cargo  
Sinatura

